



Novos escritos de Xosé Manuel Cabada Vázquez

Manuel Cabada Castro

Trátase de escritos do poeta e político estradense que non figuran entre os recollidos na edición publicada hai algúns anos sobre a obra de Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)¹. Dadas as características e circunstancias concretas da curta vida de Cabada Vázquez así como da axitada época que lle tocou vivir, seguirá sendo posible ou presumible que se atopen aínda pequenos escritos non incluídos na devandita edición ². O fin, pois, desta nota é informar ós lectores da obra de Cabada Vázquez da existencia e do contido destes novos escritos.

Trátase, en primeiro lugar, dun escrito en prosa do ano 1930 e doutro en verso do ano seguinte, e, en segundo lugar, de tres cartas (dos

1 XOSÉ MANUEL CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa. Poemas e outros escritos*. Edición, introducción e notas de Manuel Cabada Castro (A Estrada, Fundación Cultural da Estrada, 2001).

2 Na *Introducción* á edición díciase xa que a pretensión de “*Obra Completa*” había que entendela “coa salvidade, naturalmente, de que poida aínda atoparse no futuro algún escrito ata este intre descoñecido” (*o. c.*, p. 22). Respecto dos escritos en prosa e verso, na época da edición desta obra non foi posible a consulta directa dalgúns números do “*El Emigrado*”. Agradezo por iso a Xoán Carlos Garrido Couceiro terme comunicado hai un par de anos a nova da dixitalización existente dos números (se ben aínda non todos) publicados entre os anos 1927 e 1935 deste xornal estradense. Pois foi precisamente en dous números desta época onde puideron dar cos escritos ós que nesta nota me refiro. No que se refire ás cartas, son aínda recentes a incorporación do arquivo de Filgueira Valverde ó Museo de Pontevedra e a súa practicamente completa catalogación.

anos 1929, 1931 e 1933) dirixidas a Xosé Filgueira Valverde (incluída tamén a resposta a unha delas por parte de Filgueira Valverde).

Verbo do escrito en prosa, baixo a rúbrica de “Grandes poetas e libros maxistrales” aparece no nº 345 do *El Emigrado* (7 agosto 1930) un escrito que leva como título “*Do Ermo*” por Noriega Varela. Da posible ou probable existencia deste escrito había xa en realidade unha certa información, que proviña do propio Cabada Vázquez, pois este nunha recensión súa sobre a obra poética *Señardá* de Aquilino Iglesia Alvariño anunciaba outra posterior sobre *Do ermo* nestes termos:

Por nuestra parte, al escribir estas líneas creemos hacer una obra de justicia, dando a conocer a los amantes de nuestra literatura regional al joven poeta mindoniense, cuyo lirismo sigue muy de cerca al de Noriega Varela, el admirado poeta de la Montaña, del que hablaremos muy en breve, con motivo de su nueva edición de ‘Do ermo’, que también acaba de aparecer’.

Pois ben, o contido do escrito, agora descuberto, de Cabada Vázquez sobre Antonio Noriega Varela é o seguinte:

Acaba de porse á venda unha nova edición de ‘D’o Ermo’, o libro de ouro do inspirado poeta da Montaña, Noriega Varela. Vén, sobor das outras edicións, aumentado con novos poemas, i-é costeadada polo Concello mindoniense, que quixo d’iste xeito rendir un belo homenaxe ó autor, e dar un fermoso exempro a cantos se adican a facer homenaxes en hoteles e comilonas.

Noriega Varela, n’ise feixe de inspiradas poesías, ofércenos súa i-alma de poeta-cantor das cousas homildes. El mesmo se define i-encadra cando nos di que “o meu lirismo feito de cousas pequenas e homildes, de verbas sentidas e sinxelas, un lirismo como o da nosa Rosalía...” En cada verso sabe plasmar o seu namoramento lírico das estrelañas do ceo, e dos sorrisos das flores do ermo, porque “Toda humilde beleza me namora”.

“Embrenñarse procura”, e síntese feliz na fragosa montaña onde vive súa i-alma divorciada do barullo do mundo.

Iste poeta —poeta de verdá, limpo de influxos ultraizantes e futuristas— sabe levar da man ó lector de ‘D’o ermo’ de poema en poema e de verso en verso pra zugar e gorentar o celme lírico que el soupo emborear abondosamente en cada páxina i-en cada folla, que, com’as froliñas dos toxos, son tamén, pol-o seu contido, froliñas d’ouro vello:

3 En “Vida Gallega”, 10 maio 1930 (Cf. X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 309).

¡Oh, d'o yermo o preciado tesouro!:
 as froliñas dos toxos son d' ouro!
 D' ouro vello son, mai, as froliñas
 dos bravos toxales, ¡das devociós miñas!...

Noriega sabe sentil-a beleza, e sabe recollel-a para ofrececel-a apreixada e quintaesenciada en catro verso, que son todo un poema:

É de prata a folerpiña,
 d' ouro vello a frol da xesta:
 ¡ben pode rumber o monte,
 señor de tanta riqueza!.

I-en catro versos compendia tamén todo o seu amor á montaña, onde vive súa musa queirogenta, i-onde a brétema —que é ceguiña— “anda sempre descalza, e si se espiña, sangrar, non sangra; pero chorar, chora”...

O sol y-o mar â montaña
 moito lle poden querer:
 coróalle o sol a testa
 e bícalle o mar os pés.

Sabe distinguirse e amostrarse ergueito e orixinal, sen amaneiramento e pedantería. Seus versos ispidos e limpos de zarzallos e ripios, ben medidos i-estructurados, son d'unha feitura impecable, e revelan no poeta unha i-alma de artista enxebre, i-un fondo coñecemento da meiguice da nosa fala, d'isa doce fala que il define cando di que:

Nosa fala é un paxariño,
 que adoita faguél-o niño
 no seyo do hirsuto monte,
 ben na póla d'un espiño,
 ben â beira d'unha fonte.

... ..

É a que requebr' â aurora,
 prendada da incerta lus,
 y-en galego, cando chora,
 lle canta Nosa Señora
 pra que adormeza, a Jesús.

As poesías de “Do Ermo” foron xa, na súa maoría, vertidas ó dinamarqués por Johan Kok, ó inglés por Aubrey Bell, i-ó francés por Philéas Lebesgue, o cal é, de por si, a millor apoloxía do autor i-a millor gabanza do libro.

Nos anaqueles de toda bibrioteca galeguista e nas mesas de traballo dos amantes da nosa literatura vernácula non debe faltar esta xoia do noso parnaso.

Vaian, n'estas sinxelas liñas, nosa cordial embora ó admirado Cantor da

Montaña, i-ó Concello mindoniense nosa felicitación sincera pol-o homenaxe que soupo renderlle costeando a edición de tan preciado libro.

Xosé M. Cabada Vázquez.

Neste comentario ó escrito *Do ermo* Cabada Vázquez aduce algúns versos desta obra poética de Noriega que pertencen a poemas cos títulos seguintes: “Embreñarme procuro...”, “Toda humilde beleza...”, “As froliñas d’ os toxos”, “Musa queiroguenta”, “É de prat’ a folerpiña...”, “O sol y-o mar...”, “A brétema” e “Nosa fala”.

Noriega era unha trintena de anos maior que Cabada Vázquez, aínda que sobrevivía a este uns dez anos debido á prematura morte do poeta estradense. Moitas temáticas da poesía de Cabada Vázquez teñen en realidade unha marcada semellanza coas de *Do ermo*. De aquí a simpatía coa que Cabada Vázquez acolle a poesía de Noriega e a súa capacidade versificadora. Nas biografías de ámbolos dous danse incluso certas similitudes, como o feito da súa formación humanística durante algúns anos en centros eclesiásticos (Santiago de Compostela no caso de Cabada Vázquez e Mondoñedo no caso do poeta lucense). En boa parte de aquí procedía tamén a común amizade e tamén afinidade literaria dos dous con Aquilino Iglesia Alvariño (oito anos máis xove que Cabada Vázquez), que fora tamén seminarista en Mondoñedo. Noriega e Cabada Vázquez pertenceron así mesmo ó lusitano “Instituto Histórico do Minho” con sé en Viana do Castelo. Neste sentido, tanto Cabada Vázquez como Noriega coñecían e apreciaban os poetas portugueses como Guerra Junqueiro, Teixeira de Pascoaes, etc⁴. Pola súa parte, Cabada Vázquez gustaba tamén de cantar poeticamente “*as cousas homildes*”, tal como el o aprecia na poesía do autor de *Do ermo*. E por iso apreciará neste tamén que estea “*limpo de influxos ultraizantes e futuristas*” e que versifique “*sen amaneiramento e pedantería*”⁵. Xustamente

4 Sobre a relación literaria de Cabada Vázquez con estes poetas portugueses pode verse M. CABADA CASTRO, *Paixón poética e militancia galeguista. Estudio biográfico sobre Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)* (Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 2001), p. 150.

5 Sobre as críticas de Cabada Vázquez ás correntes literarias do ultraísmo, etc., así como sobre o seu posterior achegamento ás novas correntes modernistas ou vangardistas pode verse M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 153-161 e tamén X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, pp. 29-30.

neste sentido escribía, por exemplo, A. Iglesia Alvariño sobre a obra *Vagalumes* de Cabada Vázquez:

“En sus versos, de noble porte tradicional, palpita la emoción ingénita de las cosas íntimas, de las cosas de todos los días. No precisa el poeta para llenar de emotividad los bellos moldes de sus rimas recurrir a abstracciones idealistas y equilibrios de pensamiento. Su musa está lejos de todo conceptismo. Es sencilla y llana [...]”⁶.

Noriega é para Cabada Vázquez, segundo o seu comentario sobre *Do ermo*, o “poeta da Montaña”, e quizais sexa posible ver en conexión coas *Montañesas* de Noriega, concretamente co seu poema “Teño amores na montaña”, o poema que publicará Cabada Vázquez no verán de 1931, un ano xustamente despois de publicado o devandito comentario e algúns meses tamén despois de saír á rúa o seu poemario *Vagalumes*. Velaquí o poema de Cabada Vázquez que leva como título “Montañesa”:

Pra ir morrer na túa beira
amarridas de saudade
ceibo eu as coitas min as,
irtas arelas, ó aire:
ten delas dor, monta esa,
a das olladas soaves.

Hei de mandarche, senlleiro,
irmán na dor e nos males,
nun alongado suspiro
o meu curazón sangrante:
xa coidarás, monta nesa,
amor e agarimo darlle.

Lelías da miña terra,
ó teu ouvido soaves,
ledos che han levar nas azas,
mainos, mainiños os aires;

6 A. IGLESIA ALVARIÑO, “*Vagalumes*”. *Versos gallegos por José M. Cabada Vázquez*: “Faro de Vigo”, 12 marzo 1931, p. 7.

e a dona has ser do poeta,
do seu corazón amante,
o agarimo dos seus fillos,
¡a santa Paz dun fogare!⁷

Naturalmente, é sobre todo no eido político onde Cabada Vázquez contrasta especialmente con Noriega, pois mentres Cabada Vázquez foi un decidido galeguista, en canto que estivo vencellado primeiramente ás “Irmandades da Fala” e foi despois activo participante na asemblea fundacional (I Asemblea) do Partido Galeguista a finais do 1931, Noriega, aínda que inicialmente anticaciquil, mantívose á marxe do movemento político galeguista ou foi incluso contrario ó mesmo⁸. Como dicía del Carballo Calero, Noriega “non estaba feito para a acción, senón para a paixón”⁹. Neste contexto e en relación así mesmo coa obra *Do ermo* non carecen de interese as informacións que sobre Noriega nos dá R. Otero Pedrayo, bo coñecedor e amigo tanto de Cabada Vázquez coma do poeta lucense.

“Non tiña confianza nos galeguistas, e nin xiquer manifestou o agradecemento debido ós que lle publicaron ‘Do ermo’. Quixo moito ó pai de Camilo Xosé Cela, e penso que dos galeguistas sóio me quixo a min, pola demorada vecindade e conversa de Trasalba. En Trasalba madureceu o ‘Do ermo’. Está vivido no monte Rodeiro, no Vedral, no Medelo. Son ‘ermos’ pequenos, máis ben illós de ermos na comparanza dos largacíos do norde, o cal confirma a sentenza de se cinguir o espírito de Noriega ás cousas pequenas, ós acordos ben demarcados”¹⁰.

7 Cf. X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 248.

8 “Noriega non só non pertenceu ao movemento galeguista, senón que se opuxo a el e o combateu con teimosía”, dinos X. RAMÓN FREIXEIRO MATO na súa obra *A cara oculta de Noriega Varela (Biografía e textos esquecidos)* (Santiago de Compostela, Laiovento, 1992), p. 123. “Non tivo Noriega unha concepción política de Galiza como país nen creu nas súas institucións, tampouco creu no seu idioma como vehículo normal de comunicación entre todos os galegos. Non foi, pois, ideoloxicamente galeguista” (id., o. c., p. 126). Ver tamén X. RAMÓN FREIXEIRO MATO, *Da montaña o corazón (Producción literaria e lingua en Noriega)* (Lugo, Fundación Caixa Galicia, 1993), p. 10.

9 R. CARBALLO CALERO, *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936* (Vigo, Galaxia, 1981), p. 542.

10 Cf. CARBALLO CALERO, o. c., p. 547.

O escrito en verso de Cabada Vázquez (que aquí asina o seu escrito co pseudónimo de “Pepe da Xila”) é un poema publicado, algúns meses despois, no nº 361 (16. I. 1931) do mesmo xornal “El Emigrado”. O poema está dedicado a San Mauro, padroeiro da súa parroquia natal de Codeseda, cuxa festividade se celebra no día anterior, o 15 de xaneiro. Pola data da súa publicación no xornal estradense pódese dicir que viría case a coincidir coa publicación do poemario *Vagalumes* (no que o poema non está recollido), pois, segundo indico noutro lugar, *Vagalumes* debeu de saír á rua a finais de xaneiro ou na primeira quincena de febreiro de 1931¹¹. Velaquí o contido do poema:

O ano pasado
por este tempo
tiña unha reuma,
que ¡nin os demos!
Fun ó San Mauro
de Codeseda,
e n’un instante
quedei sin ela.

Santo grorioso
e milagreiro,
que das meiciña
e das remédeo
a cantos chegan
a ti de lexos
para decirche
que’ están tolleitos,
qu’ están barados,
que’ están enfermos;
eu tamén oxe
hastra ti chego,
antre a riola

11 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, p. 138.

POSTALES ESTRADENSES



IGLESIA DE CODESEA (Foto G. Amblig)

En cuya villa se celebraron ayer y anteayer las tradicionales fiestas de **SAN MAURO** a las cuales están dedicados estos versos:

O ano pasado
por este tempo
tiña unha ruína,
que lán os demost
Fún ó San Mauro
de Codesea,
e n un instante
quedó sin ela.

Santo glorioso
e milagroso,
que dá medicina
e dá remedio
a cantos chegan
e ti de leixos
para decidida
qu' están tolleitos,
qu' están barados,
qu' están enfermos;
eu tamén ore
bastra si chego,
entre a xela
dos teus romeiros,
e unha pregaría
traio nos beizos:

Eu sei de corpos
fortes e rexos,
como carballos,
como pititeiros,
sáns e briosos
como becerros;
mais, se ti os vises,
como eu os vexo,
déranche noxo
ó ver que dentro
acochan soio,
¡probes enfermizos!,
almas encenques

l-entendementos
com' os dos vermes
l-os dos xuvenços;
e así badúan
ós catro ventos
¡verbas... e verbas...
sin ningún senso!,
¡-andan ¡coitados!
buscando creto
antr'os paisanos,
e ant'os labregos
pr'á costa d' eles
viviren cheos,
escalar postos,
¡xuntar diñeiro!

Pr'eses barados,
pr'eses tolleitos
—senón de corpo
d'entendemento—
probes espritos
que ós meus labregos
así embaucan,
oxe che pego,
grorioso Santo,
¡les dá libretos
¡sona medicina,
¡agrá remedio!

O ano pasado
por este tempo
tiña unha ruína,
que lán os demost
Fún ó San Mauro
de Codesea,
e n un instante
quedó sin ela.

REDE DA XIDA

Estradenses: Proteged las Industrias locales.

dos teus romeiros,
e unha pregaría
traio nos beizos:

Eu sei de corpos
fortes e rexos,
como carballos,
como piñeiros,
sáns e briosos
como becerros;
mais, se ti os vises,
como eu os vexo,
déranche noxo
ó ver que dentro
acochan soio,
¡probes enfermizos!,
almas encenques
i-entendementos
com' os dos vermes
i-os dos xuvenços;
e así badúan

ós catro ventos
¡verbas... e verbas...
sin ningún senso!,
i-andan ¡coitados!
buscando creto
antr'os paisanos,
e antr'os labregos
pr'á costa d' eles
viviren cheos,
escalar postos,
¡xuntar diñeiro!

Pr'eses barados,
pr'eses tolleitos
—senón de corpo
d'entendemento—
probes espritos
que ós meus labregos
así embaucan,
oxe che pego,
grorioso Santo,

lles dés lixeiro:
 ¡santa meiciña,
 sagro remédeo!...

O ano pasado
 por este tempo
 tiña unha reuma,
 que ¡nin os demos!
 Fun ó San Mauro
 de Codeseda,
 e n'un instante
 quedei sin ela.

No ano anterior (o 7 de xaneiro de 1930) publicara xa no “El Emigrado” outro poema dedicado tamén ó San Mauro de Codeseda, pero diferente do aquí presentado¹², aínda que ámbolos dous co mesmo carácter festivo e popular.

No tocante ás novas cartas de Cabada Vázquez, dirixidas todas elas a X. Filgueira Valverde, atópanse estas no Museo de Pontevedra, despois da incorporación a este do arquivo de Filgueira Valverde.

O texto da primeira carta é o seguinte:

Sant-Yago 17 San Xoán do 1929

Distinto amigo Filgueira: Sentín moito non poder-o saudar ahí como eu arela-ba, pra darlle as gracias en nome de Camilo e no meu propio pol-o intrés con que tomou a encomenda que lle fixeramos pra D. Lino. Por máis que fun por dúas veces á súa casa e outras dúas ó Museo non poden topar con vostede. Vallan estas liñas pra confirmar o que xa verbalmente lle dixen ahí á súa nai. Adiántolle esa concesión de cen indulxencias, que me encarregara súa nai. Saúdos na súa casa e un estreito abrazo pra vostede do seu affmo. s. s.

Xosé M. Cabada V.

Pazo de Raxoi, Sant-Yago¹³

Engado seguidamente a resposta, seis días despois, de Filgueira á precedente carta de Cabada Vázquez:

12 Está recollido en X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 206-207.

13 Museo de Pontevedra, Fondo de Xosé Filgueira Valverde (Filgueira, 313-2).

José M. Cabada Vázquez
(Pontevedra) Eadeseda

Santiago 17 Jan Aven do 1829.

Distinguido amigo Filgueira: Sentiu muito sura
poderlo saudar ahí como eu ardeaba, fora dar
lle as gratias e nome de Camino e no meu
proprio p'p'o interio conque tevon a encomenda
que me fixeraramos pra O. d'no. Por mais que
fui por duas veces a sua casa e outras duas
o Museu non poiden topa con vostede. Valla
estas lixas pra confirmar o que xa verbalmen
te lle disse ahí a sua boa Mãe.
Adiantalle en concessão de camin
dubrenial, que me encargara sua Mãe.

Saudos na sua casa e un
rescito abays pra vost' do seu affm. M.
e amigo. Xosé Cabada Razo de Razo, Santiago

Carta de Cabada a Filgueira Valverde. Arquivo do Museo de Pontevedra.

José M. Cabada Vázquez
 Exco de Xogay - Santiago

9 - 8 de 1927

Dono Filgueira. O dia douz falouse na
 xuntanza polo Colexio de obres e adms de Santiago
 da formacion dos Colexios provinciais, e como
 consecuencia de iso reunimunos fai douz dias
 aqui en Vigo uns cantos dicenciados e acordamos
 abricarnos fa ti fora ver de levar a cabo
 a formacion do Colexio de Pontevedra. Cigu;
 sen contar os caducados do Instituto, mais foi
 os auxiliares, reunimunos mais doce en catorce
 e convina que ti nos digeras que dia pro-
 diazades chegarvos ate nos os de Pontevedra
 con gaciao fa facionalo devandito Colexio. Con-
 vintu que, a mais dos da isa cidadade, avisarq
 a Niter Bira e mais a Naya que esta
 con el e os demais que ti coitezas, fros

convon facer funcionar ire Colexio canto antes.

Periroume que fose en que che osere
 que facer obres lites encheiros, e cum-
 pro gustosamente, fozgandche mandados no
 encargo e con contos axina, fixando obra
 que vindes.

Um abraço de

Cabada

M.

D. 15 volue a facer unha nova
 xuntanza en Santiago, e convina levar a
 alguns acordos e levantar a aprobacion
 o Regulamento do Colexio.

SEÑAS: APARTADO 66-VIGO.

23-VI-29

Sr. Cabada Vázquez

De toda a miña consideración:

Recibín a súa carta co encargo que moito agradecín. Sentín moito non estar na casa cando Vde. veu verme porque tiña moito interés en coñecelo e quixera falarlle de un feixe de cousas que os católicos de Galiza temos por facer e que compre escomenzar de seguida.

Supoño que Manuel García, noso común amigo, teralle falado algunhas veces de que os de Pontevedra tiñamos pensado editar un catecismo ou un devocionario en galego. Isto é sinxelo. Temos solucionada a parte económica e o que fai falla é que Vde. e mais el se tomen o traballiño de proporcionar o orixinal. Pra o catecismo a cousa é ben doada, traducilo, porlle algún apéndice e nada máis. O do devocionario é máis discutible, porque anque García e algún de aquí soñen co P. Vilaríño, eu son máis da escola benedictina e preferiría que se traduxese algo do Misal, ben asequibre, con diviña craridade, pra o noso pobo. Os benedictinos de Lophem-lez Bruges forneceriánnos bo motivo: a tradución de parte de un dos maravillosos Misales de Dom Lefebvre. As ilustracións do Catecismo e do Misal, poucas o boas, poden ser de Camilo Díaz.

Nada máis. Da recomendada: non me teñan agradecimento porque iso non é nada. Ademais os *galegos*, e mais os da banda de acá temos a obriga de nos axuntar hastra pra o das recomendacións.

Saúdos a todos, especialmente a García, Camilo, e demais amigos. Dispoña do seu aff^o s. s.

q. e. s. m.

P/D Pra eso do Catecismo e do libríño deben consultar moitas cousas, incluso de Filoloxía, co grande Amor Ruibal.

Como breve comentario a ámbalas dúas cartas, só un par de indicacións. O “grande” Amor Ruibal, do que fala aquí Filgueira, morrería só ano e medio despois das datas destas cartas, o 4 de novembro do 1930 ós 61 anos de idade. Pola súa parte, desde o curso 1927-1928, Cabada Vázquez vivía con Amor Ruibal no mesmo Pazo de Raxoi, como preceptor dos Nenos de Coro da basílica compostelá. Como se ve, Filgueira (cinco anos máis novo que Cabada Vázquez) aparece aquí como o verdadeiro incitador, en estreito contacto con Cabada Vázquez e Manuel García García, do proxecto de tradución ó galego dos devanditos escritos eclesiais, resultando ser así Cabada Vázquez –tal como dirá aínda Filgueira unha cincuentena de anos

máis tarde – “o mediador antre o egrexio mestre compostelán e o grupo pontevedrés”¹⁴. No que se refire ó Catecismo, sabemos que Cabada Vázquez iniciou, polo menos, a súa tradución ó galego, porque se conservan dúas páxinas manuscritas coa tradución do comezo do Catecismo do P. Astete¹⁵. Sobre este proxecto de tradución o propio Cabada Vázquez alude ó interese que tiña nel Amor Ruibal: “Alguna vez llegó a decirnos [Amor Ruibal]—comenta Cabada Vázquez inmediatamente despois do pasamento do sabio compostelán — que emprendiésemos la traducción al gallego del Catecismo y del Kempis, y que él nos ayudaría en la difícil tarea. Su muerte nos privó de la realización del propósito”¹⁶. Na súa carta Filgueira refírese tamén a “Manuel García, noso común amigo”. Trátase de Manuel García García, nado en San Isidro de Montes (no concello de Campo Lameiro), que firmaría pouco despois, o 25 de outono do 1931, xunto con Filgueira, Cabada Vázquez e outros destacados galeguistas (como Risco, Otero Pedrayo ou Cabanillas), a coñecida *Afirmación Católica dun Grupo de Nacionalistas*¹⁷.

A segunda carta de Cabada Vázquez a Filgueira Valverde é a seguinte:

9 outubro 1931

Amigo Filgueira: O día dous falouse na xuntanza do Colexio de Dres. e Ldos. de Santiago da formación dos Colexios provinciais, e como consecuencia de iso reunímonos fai dous días aquí en Vigo uns cantos Licenciados e acordamos dirixirnos a ti pra ver de levar a cabo a formación do Colexio de Pontevedra. Eiquí, sen contar os cadeirádegos do Instituto, mais si os auxiliares, reunímonos uns doce ou catorce e convíña que ti nos dixeras qué día podíades chegarvos ata nós os de Pontevedra co gallo de formal-o devandito Colexio. Convíña que, a mais dos de isa cibdade, avisaras a Núñez Búa e mais a Noya que está con el e os demais que ti coñezas, pois convén facer funcionar ise Colexio canto antes. Pedíronme que fose eu quen che escribise facéndoche istes encárragos, e cum-

14 Cf. J. FILGUEIRA VALVERDE, *Limiar*. En: “Logos. Revista de Cultura Relixiosa” (Barcelona, Ed. Sotelo Blanco, 1983), IX-X.

15 Poden lerse estas dúas páxinas en X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 327-328.

16 Cf. X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 329.

17 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 78-83.

pro gustosamente, pregándoches non nos botes no esquezo e me contestes axiña, fixando o día que vindes.

Un abrazo de

Cabada

N.

O 15 volve a facerse unha nova xuntanza en Santiago, e conviña levar xa algúns acordos e someter a aprobación o reglamento do Colexio.

SEÑAS: APARTADO 66 - VIGO¹⁸.

En relación co contido desta carta, indico unicamente que Cabada Vázquez era desde antes do verán deste ano 1931 licenciado en Filosofía e Letras (Sección de Historia) pola Universidade de Santiago e desde o día primeiro do mes de outubro deste mesmo ano comezara a súa actividade docente en Vigo no colexio “Apóstolo Santiago” dos xesuítas. O proxecto do que aquí se fala levaríase efectivamente a cabo. Entre os papeis do poeta e político estradense figura, en efecto, o seu carné de colexiado ou de pertenza ó “Colexio Oficial de Doctores e Licenciados en Ciencias e Letras, Distrito Universitario de Santiago, Sección Provincial de Pontevedra”. Hai constancia, ademais, das reunións do devandito Colexio no Instituto Nacional de Pontevedra, ás que asistirían no ano 1933, por exemplo, entre outros, Cabada Vázquez, Filgueira ou Ferro Couselo¹⁹. Na carta alúdese tamén, polo demais, ó destacado político galeguista Xosé Núñez Búa como tamén a Celestino Noya Rodríguez.

Velaquí, por fin, o texto da terceira e última carta (do 12 agosto do 1933) a Filgueira:

Hoxe 12 - 8 - 33

Querido Filgueira: Qué é da vosa vida? Qué tal marchades todos esos bos amigos que vivides no cubil dos centralistas? Nada sei de vós, nin nada saberedes tampouco vós de min. Somentes o Castelao me dixo que os amigos iban ben. Eu eiquí cos irmáns cataláns. Fannos traballar moito, pois máis ben parece que

18 Museo de Pontevedra, Fondo de Xosé Filgueira Valverde (Filgueira, 313-42).

19 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, p. 94.

queren decatarse da resistencia física de cada un; sobor de todo o Dr. Bassols, que tomou a cousa tan en serio, que nin que fosemos rapaces do Instituto. En xeral, os do grupo de Latín é xente moi ben preparada. Coido que se atopa aquí a millor xente. Somos dezaioito, o cal supón unha intensidá no traballo maor do que ahí. Estamos con tradución directa e inversa, tendo nesta como fito o estilo de Cicerón. O Dr. Galindo dános a traducir párrafos de Plauto, con tódolos xiros arcaicos, pra que engadamos un comentario morfolóxico-fonético. Eu tiven necesidade de adequerir unha chea de obras extranxeiras: francesas, italianas, latinas. Xa veremos o que hai no remate da cousa. Pol-o de agora coido que non vou mal. No adiante xa veremos.

Saudei no teu nome ó Dr. Balcells, mais coido que millor sería que lle puxeses unhas liñas. Con todo pra el, coido que terei por eiquí quen me sirva. A Jordi Rubió inda non poden vel-o. O Dr. Galindo sabe quen son e coñéceme, mais samente lle dixen no comezo que lle traguía saúdos teus e de Portela, non prestando casque atención. Non embargantes, estou contento del.

Dime algo da marcha dos cursillos ahí. Cando finarán? Serán ou non eliminatorios? En que vai a consistir a Memoria? Coido que ahí estaredes máis orientados do que nós.

Da estancia aquí dos galegos xa che falará Castelao. Tratáronnos moi ben e agasalláronnos a cotío. Eu apenas poden falar con eles, pois, como che dixen, temos moito traballo.

Dálle lembranzas miñas a Apraiz, e dille que estou vivindo no 29 - 1^o da Vía Layetana, onde el viveu tamén. Trátanme ben e, polo de agora, estou contento.

O calor, anque abrasa, coido que non é tan forte coma ahí. Que tal sigues da túa indisposición? Eu cando cheguei tiven que botar tres días na cama e mandar chamar o médico. Agora estou ben.

Un abrazo pra todos ises amigos de

Cabada Vázquez

Señas: Universidad de Barcelona²⁰.

En relación con esta carta, noutro lugar²¹ expliquei xa como Cabada Vazquez, despois da súa docencia durante dous cursos en Vigo, emprendería viaxe a Barcelona para realizar no verán do ano 1933 na universidade desta cidade os chamados “cursos prácticos” ou cursiños. A normativa e finalidade destes cursos viñan determi-

20 Museo de Pontevedra, Fondo de Xosé Filgueira Valverde (Filgueira, 314-4).

21 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, p. 97-102.

Ore 12-8-33-

Querido Filgueira: Que é da vosa vida? Que tal marchada? Todos estes vosos amigos que vivídes no cutil dos centralistas? Nada sei de vós, mi nada saberedes tampouco vos de omnibus e Castela, como dixos que os amigos ítan ben -

Eu eiqui cos irmáns cataláns - Tamén traballar moito, pois máis ben pareceu que quera de catarse da resistencia física de cada un: sobre de todo o dr. Bastos, que tomou a cousa tan a sério, que mi que fose un rapaz do Instituto. En xeral, os vosos estudos de Latín e grego moi ben preparados. Cuido que se atopara aquí a mellor xente. Son os verdadeiros, o cal supón unha intervidá nos traballos máis do que láhí. Estamo con traducción directa e inverba, tendo neste campo o estilo de Cicerón. O dr. Salgado dáme a

traducción famosa de Plautus, con todo o xiro arcaico, fra que engadamos un comentario morfolóxico-co-fonético. Cuido teres necesidade de adueñarse unha idea de tales extranxeiros: franceses, Italianos, latinos. Xe veremnto que hai no remate da cousa. Falo de algo de algo que non vou mal. No adiante xa veremnto.

Saudes no teu nome ó dr. Balsec, mais cuido que mellor sería que lle fuxese unha liña. Con todo fra el, cuido que teres por eiqui queira ma liña - A Lordi Rubio anda moito ben veto. O dr. Salgado sabe que non é antecede, mais nonantes lle diga no congreso que lle freque dando deus e de Portela, non frestando casque atención. Non embargantes, están contentos de el -

Alime algo da marcha dos cursos, de Cando finalizarán e de tras ou non eliminatorios? En que vai a consistir a Memoria? Cuido

que ahí están os demais orientados de que está
da estancia aquí dos galegos xa che falara
Casterla. Frátaronse omni ben, e agasalláronse
a estío. En estío non puden falar co teu, pois como
che dixen, temos omni traballo.

Dalle lembranza omni a Afraire, e dille
que están vivindo no 29-1.º da Via Layetana.
onde él viven tamén. Frátámonse ben e fíllas de
agora están contentos.

D calor, aunque abaxo, coído que vos é
tan forte coma ahí. ¿Que tal sigues da tua in-
dustria? En canto chegares tóves que botar te
na a carne e mandarlle chamar to médico. Ego
rá estar ben.

Un abraço para todos os amigos de
Joia. Universitat de Barcelona
Cabada Vázquez

Carta de Cabada a Filgueira Valverde. Arquivo do Museo de Pontevedra.

nadas polos decretos do Ministerio republicano de Instrucción Pública e Belas Artes, que por medio deles pretendía preparar e seleccionar profesores “encargados de curso” en diversas especialidades para institutos e colexios subvencionados de ensino secundario. Cabada Vázquez elixiría o latín, unha das materias entre as dez especialidades oficiais ás que facían referencia estes cursiños, que terían lugar, fóra de Galicia, nestas cidades: Barcelona, Madrid, Málaga, Santander, Valencia e Zaragoza. Mentres Filgueira, que era xa por entón axudante interino no Instituto de Pontevedra, realizou o devandito curso en Madrid (denominado na carta “cubil dos centralistas”), Cabada Vázquez realizouno pola súa parte en Barcelona, aínda que previamente tivo que relizar unha proba eliminatoria na capital de España. Finalmente, tanto Filgueira como Cabada Vázquez foron seleccionados como profesores encargados de curso, coa diferenza, sen embargo, de que o primeiro volvería ó seu

Instituto pontevedrés, mentres que Cabada Vázquez, por escuras e inxustificables razóns (que analizo no devandito escrito²²), foi desplazado fóra de Galicia a un Instituto de nova creación na lonxana provincia de Valladolid. Na carta alúdese, polo demais, ó reencontro en Barcelona de Cabada Vázquez con Castelao. Efectivamente, foi no verán deste ano cando os deputados Castelao e Otero Pedrayo visitaron conxuntamente Barcelona, unha viaxe que estaba relacionada co denominado pacto de “Galeuzca” (Galicia-Euskadi-Cataluña). A relación amical e política de Cabada Vázquez con Castelao viña xa de cando este fora profesor seu no Instituto de Pontevedra e faríase cada vez máis estreita sobre todo desde a común participación activa (xunto con Filgueira) na fundación do Partido Galeguista en Pontevedra a comezos de decembro do ano 1931.

Máis alá desta correspondencia entre Cabada Vázquez e Filgueira, convén indicar que entre os papeis de Cabada Vázquez se atopa aínda unha derradeira e breve mensaxe, de comezos do ano 1936, de Filgueira a Cabada Vázquez, co seguinte texto: “Felicidades e bo aniversario! Filgueira. 1. I. 1936”. Só tres meses despois morrería, ós trinta e catro xoves anos de idade, Cabada Vázquez en Linares (Xaén).

Como remate destas breves liñas, só me resta agradecer encarecidamente a esta prestixiosa revista a posibilidade que aquí me brinda de presentarlles ós lectores estes novos escritos do destacado poeta e político estradense.

22 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, p. 102-109.